



ASUNTO: Aprobación follas cartográficas de viais (Folla cartográfica 0-P á 8-W) do Epígrafe I- Viais do IMBD.

INFORMES PROPOSTA:

Primeiro.- O Pleno municipal na súa sesión do 28 de xullo de 2025, acordou aprobar definitivamente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta Administración, coas altas e baixas dos bens e dereitos reflectidas nos anexos I, II, III, E IV de dito acordo, xunto coas correspondentes fichas .

Segundo.- Co acordo adoptado aprobouse o Epígrafe I de Viais, coa relación de vías públicas municipais e súas correspondentes fichas de características que figuran no *Anexo I: Bens e dereitos de ALTA*, de dito acordo.

Nesas fichas aprobadas sinalase, entre outros datos, as coordenadas da folla cartográfica onde atópase reflectido o trazado do vial correspondente. Follas cartográficas que constan no Anexo III do acordo adoptado, ó igual que acontece coas propiedades municipais do Epígrafe I Inmobles, atopándose distribuído en lotes e diferenciándose entre propiedades e viais, (Lote 1 e 2 de Propiedades, e Lote 1 a 4 de Viais).

Terceiro.- Examinados os lotes das follas cartográficas de viais (Anexo III), observouse que o contido do lote 2 non correspondese coas follas cartográficas dos viais, senón que por erro, reproduce novamente o lote 2 do Epígrafe I de Viais (vías públicas municipais e súas correspondentes fichas), non figurando polo contrario, as follas cartográficas 0-P a 8-W de vías públicas.

Os tres lotes restantes, si conteñen as follas cartográficas dos viais, comprendendo dende a folla cartográfica 9-F ata a derradeira 30-O .

A teor do exposto, procede actualizar o IMBD aprobado no acordo plenario do pasado día 28 de xullo e incorporar a dito inventario as follas cartográficas 0-P a 8-W de vías públicas contidas no ANEXO III:FOLLAS CARTOGRÁFICAS VIAIS (0-P á 8-W) adxunto á presente resolución.

Cuarto.- O Pleno Municipal o 28/07/2025, acordou delegar na Concellería delegada de Patrimonio, a actualización, rectificación e a xestión ordinaria do inventario municipal de bens e dereitos correspondentes o Epígrafe I, é ó efecto acordará, mediante resolución, as altas e baixas que en calquera momento poidan producirse. do estado de altas e baixas que resulte en cada ano natural, debéndose dar conta o Pleno na primeira sesión ordinaria do ano seguinte (apartado Septimo do AP 28/07/2025).

A teor do exposto, e en uso das súas competencias delegadas polo Pleno Municipal, propónse a Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, a adopción da seguinte
RESOLUCIÓN:



Copia do documento - Concello de Vigo
21067-240

Data impresión: 24/09/2025 13:31 Páxina 1 de 2
CSV: AEA38E-86D92C-5FB144-FUBZVS-TN78BD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Primeiro.- Aprobar a incorporación ó Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, as Follas cartográficas 0-P á 8-W correspondente as vías públicas municipais, que figuran no ANEXO III:FOLLAS CARTOGRÁFICAS VIAIS(0-P á 8-W), adxunto a presente resolución.

Segundo.-Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Vigo.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ó Pleno Municipal na súa primeira sesión ordinaria do vindeiro ano.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Xefe do Servizo de Patrimonio.- Luis Rodríguez Cadarso

A Xefa da Área Xestión Patrimonial e Territorial.- Marta Riobó Ibáñez

DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.

A Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas. (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 09.07.2024).- Ana María Mejías Sacaluga

Dou fe, a secretaria

